MARÍA LOURDES UCHA VARELA (1 para 2)
ALCALDESA
Data de Sinatura: 13/09/2018
HASH: 9e60f7639004f0230ce646f8505509a1

MARIA TERESA ESCUDERO BARRAL (2 para 2)
SECRETARIA-INTERVENTORA
Data de Sinatura: 13/09/2018
HASH: bcfd5b4cfff9d41e1a365681c381d8ef

Concello de Meaño

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

LISTA PROVISIONAL DE ASPIRANTES ADMITIDOS E EXCLUÍDOS PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CATEGORÍA DE 1 MONITOR PARA A IMPARTICIÓN DAS SEGUINTES ACTIVIDADES: TÉCNICAS DE AERÓBIC-TONIFICACIÓN E IOGA-PILATES.

De conformidade co disposto nas bases selectivas aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria de data 9 de xullo de 2018 para a formación dunha bolsa de emprego para a categoría de 1 monitor para a impartición das seguintes actividades: Técnicas de Aeróbic- Tonificación e Ioga – Pilates.

Rematado o prazo de presentación de instancias en virtude da convocatoria efectuada mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 18 de xullo de 2018; unha vez examinadas as solicitudes presentadas no prazo comprendido dende o día seguinte ó da publicación ata o 2 de agosto de 2018, ambos inclusive, e en uso das facultades que me confire o artigo 41.14 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o artigo 61 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, **RESOLVO**:

1º/ Aproba-la lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos para as devanditas prazas:

Lista provisional de aspirantes admitidos:

1. Juan Gastañaduy Lago

Lista provisional de aspirantes excluídos: Non constan

2º/ Os/as aspirantes provisionalmente excluídos/as ou omitidos dispoñen dun prazo de dous días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta Resolución no taboleiro de anuncios do Concello de Meaño para poder emendar o defecto que motivase a exclusión ou omisión mediante a presentación da documentación no Rexistro Xeral do Concello de Meaño.

De non presentarse reclamacións esta Resolución entenderase Resolución Definitiva.

3º/ Constitución do Tribunal e celebración de concurso

Para a selección destes traballadores constituirase unha comisión que estará integrada por Presidenta: Dª Cristina Mª García González, Informadora Xuvenil, Suplente: Santiago Ferrer Alonso Mestre Educación Física CEIP Coiron-Dena. Secretaria: A Secretaria-Interventora do Concello Dª Mª Teresa Escudero Barral, suplente Dª Pastora Castro Lema, Auxiliar Administrativa do Concello. Vocais: Dª Isabel Amil Núñez, Técnica de Emprego e Desenvolvemento Local, Pilar Domínguez Panadero, Traballadora Social e Iria Campos Trabazo Mestra Educación Física do CEIP As Covas- Meaño do termo municipal de Meaño, suplente

Trinidad Lorenzo Lema, Auxiliar administrativo.

De non presentarse reclamacións no prazo establecido, o Tribunal constituirase o día 26 de setembro de 2018 ás 11:00 horas na Casa Consistorial de Meaño (R/ Campo da Feira, 1 Meaño), de seguido procederase á baremación de méritos, publicándose no Taboleiro de Anuncios do Concello de Meaño.

4º/ Convocar os aspirantes definitivamente admitidos para a realización da fase práctica e entrevista para o vindeiro día 27 de setembro de 2018 ás 09:00 horas na Casa Consistorial de Meaño (R/ Campo da Feira nº 1 – Meaño)

3º/ Publica-la presente Resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello de Meaño.

Manda e asina a Sra. alcaldesa Mª Lourdes Ucha Varela, en Meaño, ante mín a secretaria-interventora Mª Teresa Escudero Barral, que dou fe.

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe